





*Que é un mestre
para tí?*



- **Son persoas que nos preparan para o futuro** (Saúl, Soraya).
- *Os mestres son persoas que nos preparan para a vida diaria e para poder presumir de ser cultos* (Rubén).
- **Sempre están dispostos a axudarnos e a abrirnos as portas a un mundo de experiencias futuras, son algo así como uns superheroes** (Laura).
- *Ensínanos a confiar en nos mesmos, son fontes de inspiración e símbolos para recordar sempre* (Xiana).
- **Ensinan valores, desenvolven a nosa intelixencia, comprendennos, consólannos, resolven as nosas dúbidas.**

- **Un mestre é unha persoa que está no meu día a día** (José).
- Os mestres transmítennos toda a súa aprendizaxe e sabiduría (Manuel).
- *Os mestres están con nós desde pequenos para prepararnos e que o noso futuro sexa o mellor* (Nuria, Ariana).
- A escola cun mestre é ***coma unha montaña rusa***, ás veces enfádanse, ás veces felicítannos, pero sobre todo preocúpanse por nós, están ao noso carón nos momentos complicados dos nosos días (Carla).
- *Os pais ensínannos a ser persoas, pero os mestres inspírannos para ser mentes pensantes* (Ánxela).

- **Os mestres son esas persoas que un día nos recordan que, como dixo Malala, “un neno cun lápis pode cambiar o mundo”** (Diego).
- *Son persoas que sempre están aí para compartir o seu saber* (Herman Yago).
- **Son persoas marabillosas que nos ensinan valores** (Alex).
- Os mestres son aquelas persoas que che ensinan o valor do traballo e o do esforzo (Eloy).
- *Os mestres son persoas que non só ensinan a sumar, restar, multiplicar ou dividir... senon que che ensinan a estar cos teus colegas, amigos e compañeiros* (Angel David).

- **OS MESTRES SON ESAS PERSOAS QUE CHE PODEN CAMBIAR A VIDA** (Alvaro).
- **Os mestres son amables, xenerosos e son a autoridade na clase** (Emily).
- *Un mestre ou mestra é unha persoa importante* (Antia).
- **Para min un mestre é unha persoa que che ensina a ler a escribir e tamén a ser persoa** (Lorena e María).
- *Un mestre é unha persoa intelixente que nos ensina o que precisamos* (Carmen).
- **O mestre é esa persoa que nos ensina a convivir** (Lucía).

- *Os mestres son esas persoas que sempre están ao teu carón* (Héctor).
- *Son persoas excepcionais, guías na nosa formación* (Lucía).
- ***Un mestre é unha fonte de sabedoría*** (Xoán).
- *Os mestres son esas persoas coas que terás un vínculo toda a vida* (Lidia).
- *Un mestre é unha persoa na que podemos confiar plenamente*
(Nagore).

Para...

Sofía

